

Bo día!

Aquí vos deixo traballo para a semana do 30 de marzo ao 3 de abril

## TEXTO

Don Mariano camiña polo lado dereito do corredor do segundo andar de San Caetano na procura da seguinte reunión. Chega tarde e sábeo, por iso apura. Precédeno dous grosos asesores con cadanseu maletín na mao esquerda. Por detrás, dúas esveltas mulleres de andar contido e cartafol ao peito. De súpeto, don Mariano detense e todos se deteñen. Colle o móbil que vibra no peto do pantalón, mira a pantalla e aperta os labios ante a amoladura.

-Dime- di.

Don Mariano, trinta segundos despois de descolgar e os mesmos a escoitar a pertinaz voz que sae polo seu móbil, atravesa o corredor e achégase a unha ventá. Vólvese para comprobar que ninguén axexa o que considera unha conversa privada. A seguir exclama, coa mao coa que sostén o aparello tapándolle a boca:

-Mira, Vanesa, eu non **che** teño a culpa de que alucines coa túa nai e co que pasa! E se non lle queres falar, alá ti. Ela seguramente fixo o que tiña que facer, e eu estou ocupadísimo traballando. Pero ocupadísimo, entendes? Así que, mira... Vou**che** solucionar o teu problema **de vez**. Agora mesmo **sobes** ao teu cuarto e remexes no camión de roupa que tes polos catro armarios. Colles o que che praza e pólo, que aí está todo rebaixado, pero moito máis rebaixado que en Londres, París ou neses lugares raros aos que sempre pretendes ir de compras. Incluso, se queres, podes poñer os catro pares de botas, sete cazadoras e oito gorros nas orellas, todo xunto, a ver se así colles unha enchente e... Ou se non, mellor aínda, filla, sen **dar o lerio** como estás dando, volves para o instituto, que é onde debía estar metidiña toda a mañá unha mocosa de dezasete anos coma ti. E, por favor, a ver se deixas de "flipar" tanto.

Don Mariano non agarda pola resposta. Amolado, pecha o móbil e méteo no peto. Entón emprende de novo a marcha, e todo o seu séquito, **como se tivese ensaiada unha coreografía**, fai o mesmo.

## CUESTIÓNS

1 Copia os substantivos de texto.

2 Copia os adxectivos de texto.

3 Copia os determinantes do primeiro parágrafo do texto e indica de que tipo son.

4 No texto aparecen dous "che" en negriña, indica o valor ou función de cada un.

5 Fai un resumo do texto.

6 Expón , de maneira argumentada, a túa opinión sobre o problema que reficte o texto e, en xeral, sobre este tipo de conflitos familiares entre pais e fillos adolescentes. (Extensión aproximada 200 palabras).

7 A forma verbal "sobes" aparece en vermello no texto (líña 12). Que particularidade presenta? Explicao. Conxuga este verbo en presente de indicativo, presente de subxuntivo e imperativo.

## **Cuestionario sobre Rosalía de castro**

Cando naceu Rosalía?

Onde naceu Rosalía?

En 1858 casou con ...

Rosalía escribiu ...

En 1863 publicouse a súa primeira obra importante. Era:

En 1880 publicou...

Que temática aparece en Cantares gallegos?

Como está estruturado o poemario Follas novas?